**AROUSA AL DÍA**

## Hacia el 8M

A las puertas de la huelga feminista y de la conmemoración del 8M, la comarca empieza a llenarse de actos. Hoy mismo hay muchas cosas programadas, y el ritmo se incrementará mañana —marchas en A Illa y Cambados, concentración en Vilagarcía— y el fin de semana.

**VILAGARCÍA**

**Lectura del manifiesto**

**Hoy • 12 horas • Ravella •** Una activista del asociacionismo femenino, Teresa Cuíña, leerá el manifiesto del Consello Local da Muller.

**Concentración**

**Mañana • 12 horas • Ravella •** Concentración convocada por las trabajadoras municipales.

**Tarde feminista**

**Mañana • Desde las 16 horas • Plaza de Galicia •** O Soño de Lilith realizará diversas actividades: batucada, trivial feminista, etcétera.

**Mañana • 20 horas • Plaza de Galicia •** Como colofón a la tarde de actividad, concentración reivindicativa en el mismo lugar.

**Mujer y empresa**

**Sábado • 11.30 horas • Auditorio •** El Partido Popular de Vilagarcía organiza un foro centrado en la mujer y el emprendimiento. En el acto participarán emprendedoras y empresarias como Elena Suárez, Yolanda Bóveda, Marta García y María Torrado.

**CAMBADOS**

**Emprendedoras**

**Hoy • 18 horas • Exposalnés •** Actividad para el fomento del emprendimiento femenino, que consiste en reuniones rápidas entre mujeres que o bien quieren crear su empresa, o bien buscan trabajo.

**Mañana • 10 horas • Exposalnés •** Desayuno de emprendedoras.

**Institucional**

**Mañana • 12 horas • Plaza del Concello •** Lectura del manifiesto del 8M.

**Mañana • 17 horas • A Xuventude •** Proyección de «Vaiana».

**En marcha**

**Mañana • 19 horas •** Andaina de San Tomé hasta A Naiciña.

**Mañana • 20 horas •** Concierto de piano en A Xuventude.

**VALGA**

**Exposición**

**Hasta finales de marzo • Auditorio municipal •** Una muestra recoge las vidas y las obras de catorce mujeres gallegas, de los ámbitos de las ciencias y las artes. Aunque algunas no necesitan presentación, la mayoría son grandes desconocidas.

## Entrevista Ana Fontenla

# «Somos unha xeración moi preparada, pero que comemos os mocos todas as mañás»

*«Números vermellos» é o título do seu primeiro libro, editado por Galaxia, no que mira ao mundo con ironía e unha dose de humor*

R. ESTÉVEZ



Na presentación, Ana estivo acompañada polo seu editor, Francisco Castro. MÓNICA IRAGO

Aínda que onte presentou na librería Follas Novas o seu primeiro libro —esperemos que veñan máis—, Ana Fontenla non é escritora. Ela é actriz. Para ser exactos, é actriz en paro. Pero nin toda a súa experiencia no teatro impediu que onte sentira certos nervios no estómago.

**—Creo que este libro saíu dun concurso literario que non resultou como esperabas...**

—Escribo dende que era cativa. Cando estudaba na escola de arte dramática, presenteime a varios concursos. Nunha destas, dous mestres meus, Inma López Silva e Roberto Pascual, que eran xurado do certame aquel, dixéronme que o traballo era interesante, fresco, que seguira por aí, e que igual debía pensar nun formato maior. Así o fixen. Púxenme a darlle forma ao libro, e de aí saíu *Números vermellos*.

**—Por qué «Números vermellos» para o título?**

—Porque fala de precariedade laboral, artística... En certo sentido, é unha reivindicación. Só podo falar de igualdade e de precariedade, porque é o que me toca máis directamente; espero algún día poder falar doutra cousa.

**—Canto hai neste libro de diario dunha muller de 26 anos?**

—Moito, absolutamente. Vai por aí. Escribino non só para recoller as miñas vivencias, que tamén, quixen recoller tamén as das miñas amigas e da xente que me rodea... Por esa necesidade de queixa e reivindicación, de dicir «ata aquí». É un libro moi xeracional tamén. Porque é certo, somos unha xeración moi preparada, pero que come os mocos todas as mañás. Esa foi un pouco a motivación principal para facelo.

**—Emerxe tamén en moitos puntos a perspectiva de xénero, as reflexións sobre ser muller. Buscábao?**

—É unha busca da identidade. A inquedanza da busca para atoparme como muller e como traballadora, nun campo que pode ser a literatura, o audiovisual ou o teatro, que é o meu oficio. É difícil apostar por este tipo de vía e querer dedicarse ao mundo da arte. Pero teño clarísimo que é aínda máis difícil sendo muller. Ese é outro tema que pretende relatarse no libro.

**—Bota unha mirada directa a ese «pantallismo» no que vivimos instalados...**

—E do que eu son partícipe, absolutamente. Eu son a primeira que me sorprendo dándolle importancia a que esta persoa me deixou de seguir en Instagram, ou este tipo de movidas que hai agora, que son horribles. Procuro ser consciente, procuro traballar dende a conciencia. Por iso, todo isto está contado con certa ironía, porque son consciente desa contradición. Nese sentido, creo que é moi importante abrir conciencia. É moi fácil ir a unha cadea de roupa e comprar unha camiseta que poña «Feminism», pero hai que ler, hai que formarse, para poder ser conscientes das nosas contradicións e poder traballar nelas.

**—O humor tamén se ve no libro. É imprescindible para poder tragar o mundo que nos tocou?**

—Eu, ante todo, son lectora e espectadora. E a min gústame, e agradezo moito, cando se tratan temas complexos, máis densos, dende unha perspectiva máis lixeira, con ese punto máis acedo. Iso é algo que agradezo moitísimo, e por iso é un exercicio que tamén intento facer.

**—Como está sendo a resposta do público?**

—Pois, a verdade, moi positivo. E estame sorprendendo, porque está é unha novela xeracional, pero hai xente que se aparta da miña xeración á que lle está gustando moito.

**—Hai segundo libro á vista? Parécese a este?**

—Estou traballando nun libro infantil que, a priori, non ten nada que ver... Pero si ten que ver, porque recollín os diarios da miña adolescencia e da miña infancia. Estou traballando en base a relatos que escribín cando tiña entre seis e oito anos. Está sendo fantástico, porque me estou decatando de que volvo escribir coma cando era unha nena. De forma sinxela, sen pudor.

**—Esa é outra das características do libro. Que aborda temas que seguen sendo tabú sen medo aparente.**

—Algo de medo, a verdade, si que tiña. Segue habendo un certo pudor á hora de falar de determinadas cuestións, como a masturbación feminina, a sexualidade, a feminidade. Moitas veces, en determinados contextos, eu tamén me sinto un pouco incómoda, para min resulta complicado en determinados ambientes dicir certas cousas... Pero o importante é que, malia todo, consigo facelo.

## Naturaleza

### Plantación de árboles en Punta Moreiras

**Sábado • 11.30 horas • Punta Moreiras (O Grove) •** La asociación Amigos das Salgadeiras de Moreiras celebra este fin de semana el Día del Árbol y lo hace organizando una plantación. La misma se llevará a cabo durante la mañana del sábado, en Punta Moreiras. Cada ejemplar será plantado por un adulto y un niño. Más información en el 660 872 924.

## Solidaridad

### Festival benéfico a favor de GaliciAme

**Domingo • 19.00 horas • Auditorio de Ribadumia • Entrada 4 euros •** El auditorio de Ribadumia acoge este fin de semana el primer festival benéfico para recaudar fondos para la asociación GaliciAme. Por el escenario pasarán Con de Xido, Joel Padín, el dúo La Rosa, el club de Taekwondo Inae, Bruno Hermida y Bandktro. También habrá un sorteo.

## Medio Ambiente

### Juegos y paisajes en el aula de A Siradella

**Sábado y domingo • 11.30 horas • Reserva de plaza en el teléfono 618 240 260 •** El aula de A Siradella, en O Grove, organiza varias actividades este fin de semana. El sábado, los interesados podrán participar en un juego de orientación y pistas. El domingo, los técnicos descubrirán los secretos del paisaje. Las actividades son gratuitas.

## Vilagarcía A Vila do Mañá

# La ciudad del futuro para sus pequeños constructores

SERXIO GONZÁLEZ

Nada podrá cambiar jamás si los protagonistas del giro crecen de espaldas a lo que se espera de ellos. Parece algo obvio, pero en demasiadas ocasiones se olvida. Vilagarcía brindó el año pasado una infrecuente ocasión de poner en práctica un principio tan sencillo como sensato. Durante varios días, medio centenar de chavales tomaron las calles y plazas de la ciudad como solo podía hacerse cuando los automóviles aún no dominaban el espacio urbano. Aquella experiencia, ejecutada bajo la dirección de la arquitecta Sandra González Álvarez, se resume ahora en un libro que el Concello distribuirá a través de colegios y centros sociales.

Los pequeños vilagarcianos son los alcaldes del futuro. Así expresó la concejala de Urbanismo el principio básico que subyace bajo A Vila do Mañá. Es necesario que los constructores del porvenir puedan apropiarse de su espacio, vivirlo y concebirlo, no como el escenario inconexo de sus andanzas, sino como un territorio a la mano, cómodo y habitable. No hay más que leer cómo, al principio de las jornadas, las referencias básicas de los chavales eran Zara, Eroski, McDonald's o un aparcamiento, una deformación comercial pasmosa de la cosmovisión de un niño. Otro camino puede andarse.



Sandra González presentó el libro junto a Varela y María. M. MISER